

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE DEBUXO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Vistas as Bases do V Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero asinadas, con data 16 de outubro de 2019, pola concelleira de Benestar e Igualdade, do seguinte literal:

“ BASES “V CONCURSO DE DEBUXO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.”

1. OBXECTO

O Centro de Información á Muller (CIM), dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Ponteareas, convoca o “V Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero”. Este concurso pretende sumar o ámbito educativo pola igualdade e en contra da violencia de xénero e facela participe no deseño da campaña de sensibilización que o Concello de Ponteareas vai desenvolver durante o mes de novembro.

A través desta actividade queremos contribuír a facer das aulas espazos sen violencia, igualitarios e inclusivos onde se xere un coñecemento transformador que impulse os cambios necesarios para formar sociedades máis xustas.

2. TEMÁTICA

O tema dos traballos deberá estar relacionado co lema da campaña local do 25N: «FACER FRONTE ás violencias machistas». Esta iniciativa pretende facilitar a reflexión nas aulas sobre a construción social da desigualdade e as fórmulas para enfrontar as violencias machistas.

Poderán facer referencia a experiencias individuais ou colectivas, accións públicas, historias de vida, personaxes históricas, actitudes e comportamentos que amosen unha posición firme en favor da igualdade.

O idioma utilizado será en todo caso o galego. Valorarase positivamente, non de feito eliminatorio, o uso da linguaxe inclusiva.

3. PARTICIPANTES

Alumnado de primaria e secundaria dos centros educativos do Concello de Ponteareas. Estableceranse dúas categorías:

-Categoría de Primaria: alumnas/os escolarizadas/os nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º.

-Categoría de Secundaria: alumnos/as de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

4. MODO, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballos deberán presentarse en tamaño A4 a unha soa cara.



A técnica será libre e poderán participar obras de debuxo, memes analóxicos, collages, fotografías, escritos, poemas ou calquera outra expresión que poida ser reproducida en soporte papel.

Poderase participar cun único traballo orixinal que non fose presentado noutros concursos.

Os traballos poderanse entregar desde o día 21 de outubro ate o 7 de novembro (ambos inclusive) nas secretarías dos centros onde o alumnado participante cursa os seus estudos.

Ao dorso, en letra ben clara, deben figurar:

- Nome e apelidos
- Idade
- Curso
- Centro educativo
- Enderezo completo
- Teléfono de contacto

É imprescindible que os proxenitores ou titores legais asinen a autorización na que consenten a participación da ou do menor, aceptan as bases e outorgan a súa conformidade ao exposto nelas (Anexo I).

5. PREMIOS

Outorgaranse tres premios por categoría, consistentes en:

- 1º Premio: 1 táblet, valorada en 99€.
- 2º Premio: 1 vale de compra por valor de 50€ en material escolar nun establecemento comercial de Ponteareas.
- 3º Premio: 1 paquete de material escolar, valorado en 20€.

Todas as obras participantes no concurso poderán ser incluídas nas diferentes campañas de sensibilización que o Concello de Ponteareas lance contra as violencias machistas.

Unha selección das obras será reproducida nunha publicación colaborativa -tipo fanzine- que elaborará e distribuirá o Concello.

6. XURADO:

O xurado estará composto por profesionais da igualdade, publicidade, deseño, arte e cultura, que serán os encargados de elixir os tres traballos gañadores e clasificalos como como primeiro, segundo e terceiro premio en cada categoría. Os resultados publicaranse na páxina web do Concello, a partir do día 19 de novembro, e comunicaráselles ás persoas gañadoras.

A entrega dos premios terá lugar nun acto organizado polo Concello de Ponteareas para conmemorar ese día. O lugar e a hora de tal acto comunicaráselles directamente aos/ás participantes e ao alumnado premiado.

7. DEREITOS SOBRE AS OBRAS E PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no concurso implica que todos os traballos participantes pasarán a formar parte do arquivo do Concello de Ponteareas e a cesión de



forma gratuíta ao Concello dos dereitos de explotación destes: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas previstos na lexislación sobre propiedade intelectual, todo isto sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación de propiedade intelectual.

Cada concursante responsabilízase totalmente de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, nin reclamación ningunha por dereitos de imaxe.

De conformidade co artigo 5 da Lei orgánica 15/99, do 13 de decembro, infórmase que os datos persoais obtidos para a participación no concurso se incorporarán a un ficheiro responsabilidade do Concello que ten por finalidade a xestión do presente concurso de debuxo.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA PARTICIPAR NO “V CONCURSO DE DEBUXO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

D./D^a....., con DNI núm. nai/pai/responsable legal de(nome da/do participante), autorizo a súa participación no “V Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero” organizado polo Concello de Ponteareas, acepto así mesmo as bases e outorgo a conformidade ao exposto nelas.

Ponteareas, de de 2019

Pai/nai/responsable legal

Asdo: “

Visto o informe emitido pola interventora, con data 15 de outubro de 2019, no que sinala que para dar cobertura á autorización do gasto, por importe de 338 € existe crédito suficiente a nivel de bolsa de vinculación 23-4 do presuposto municipal. E que se incorpora ao expediente documentos contables (RC) de retención de crédito con imputación a dita aplicación orzamentaria e polo referido importe..

Visto o informe xurídico emitido polo secretario accidental, con data 15 de outubro de 2019, no que apunta as seguintes consideracións :

“- O fallo do Xurado deberá ser considerado inapelable, comunicándose aos interesados.

- Durante todo o proceso de convocatoria de desenvolvemento do concurso, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

-Tendo en conta que se trata dunha subvención deberán remitirse a Base de Datos Nacional de Subvencións para que publique o seu estrato no Boletín



Oficial da Provincia a efectos de comenzo do cómputo do prazo para presentar as correspondentes solicitudes.

Á vista das facultades conferidas no artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as Bases reguladoras do V Concurso de Debuxo contra a Violencia de Xénero, tal e como figuran redactadas e coas consideracións sinaladas no informe do secretario accidental e levar a cabo a súa convocatoria.

Segundo: Autorizar o gasto, conforme a documentación asinada pola interventora, pola cantidade de 338 euros.

Terceiro: Aprobar, ante a necesidade de cualificar os traballos presentados, a composición do xurado do seguinte xeito:

-Presidente: Unha persoa profesional ou con formación do ámbito da Igualdade.

-Secretario: Un/ha traballador/a municipal do Centro de Información á Muller (que actuará con voz e sen voto)

-Vogais: Unha persoa do ámbito do ensino secundario (profesor de debuxo).
Unha persoa profesional ou conformación no ámbito da publicidade.

Cuarto: Remitir as bases á Base de Datos nacional de Subvencións para que publique o seu estrato no Boletín Oficial da Provincia a efectos de comenzo do cómputo do prazo para presentar as correspondentes solicitudes. Ase mesmo publíquense no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas.

(Documento asinado electronicamente)

